

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Centro: IES Eduardo Pondal

Curso: 3º ESO

Materia: Xeografía e Historia

Departamento: Xeografía e Historia

Ano académico: 2019/2020

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Coñecer a organización administrativa e territorial de España.	XHB2.1.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.
B2.2. Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario, e extraer conclusións.	XHB2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.
B2.3. Recoñecer as actividades económicas que se realizan en Europa nos tres sectores, identificando distintas políticas económicas.	XHB2.3.1. Diferencia os sectores económicos europeos.
B2.4. Coñecer as características de diversos tipos de sistemas económicos	XHB2.4.1. Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico.
B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos	XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía)	B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía)
B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
B3.6. Comprender a significación histórica da etapa do Renacemento en Europa.	XHB3.6.1. Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.).
B3.11. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna.	XHB3.11.1. Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos.
B3.12. Entender os procesos de conquista e colonización, e as súas consecuencias.	XHB3.12.1. Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización.
	XHB3.12.2. Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo.
	XHB3.12.3. Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América.
B3.13. Coñecer trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa.	XHB3.13.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos".

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os resultados das dúas primeiras avaliacións serán tidos en conta. - A cualificación do alumnado pode mellorarse mediante a realización das tarefas telemáticas. <hr/> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tarefas telemáticas da aula virtual.
Cualificación final	<ol style="list-style-type: none"> 1. As tarefas telemáticas teñen unha puntuación. A puntuación das tarefas de cada unidade didáctica pondérase sobre unha cualificación do 1 a 10. 2. Tarefas de repaso/reforzo: cada tarefa está asociada a unha unidade didáctica concreta das dúas primeiras avaliacións. Estas tarefas suporán o 70% da cualificación do traballo realizado no terceiro trimestre. 3. Tarefas de ampliación: cada tarefa está asociada a unidades didácticas non traballadas de xeito presencial. Estas tarefas suporán un 30% da cualificación do traballo realizado no terceiro trimestre. 4. O conxunto das tarefas de repaso/reforzo e as de ampliación suporán a cualificación total do traballo do terceiro trimestre . 5. O alumnado con avaliacións suspensas poderá recuperar sempre que a cualificación media das tarefas de repaso/reforzo das unidades didácticas correspondentes á avaliación suspensa sexa superior a 5. A nota da avaliación recuperada será de 5. 6. A cualificación final será a media entre as notas da 1ª e 2ª avaliación conxuntamente coa nota do traballo do terceiro trimestre. En caso de ser esta cualificación inferior á media da 1ª e 2ª avaliación, prevalecerá a media da 1ª e 2ª avaliación. 7. En ningún caso a cualificación final de curso poderá ser inferior á cualificación media das dúas primeiras avaliacións.
Proba extraordinaria de setembro	<p>Na medida do posible a proba extraordinaria será presencial. Esta proba estará baseada nos contidos e estándares de aprendizaxe traballados nas dúas primeiras avaliacións.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ol style="list-style-type: none"> 1. Lectura comprensiva dos temas do libro referentes aos contido e estándares de aprendizaxe indicados no apartado 1. 2. Visualización de vídeos explicativos, tarefas resoltas e apuntes relativos aos contidos e estándares de aprendizaxe recollidos no apartado 1. 3. Realización de tarefas telemáticas relacionados cos contido e estándares de aprendizaxe sinalados no apartado 1.
Metodoloxía (non se detectou alumnado sen conectividade)	<ol style="list-style-type: none"> 1. Publicación na aula virtual de vídeos, imaxes, apuntes, explicacións ou exemplos de tarefas que permitan a mellor comprensión dos contidos traballados nas tarefas. 2. Publicación na aula virtual de tarefas relativas a cada unidade didáctica. As tarefas son colgadas na aula virtual todos os luns. O prazo de entrega final de cada tarefa é o domingo desa semana. Cada tarefa ten unha puntuación. 3. O luns seguinte, as solucións das tarefas publícanse na aula virtual. As puntuacións de cada alumna/o son enviadas por correo electrónico individualmente. 4. Realización de videoclases utilizando Webex, cunha periodicidade e frecuencia en relación ás posibilidades do alumnado con respecto á dispoñibilidade de medios e a non interferencia co traballo das restantes materias. O contido destas videoclases consistirá na explicación dos contidos e tarefas semanais, así como aclaración de dúbidas do alumnado.
Materiais e recursos	<ol style="list-style-type: none"> 1. correo electrónico 2. aula virtual 3. videoconferencias

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A información contida neste documento será trasladada ao alumnado por correo electrónico e explicado por videoconferencia.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro, dentro da sección do departamento de xeografía e historia